



# XOGOS OLÍMPICOS

## ÍNDICE:

<u>INTRODUCCIÓN</u> .....	2
<u>PROCESO</u> .....	3
<u>TAREFAS</u> .....	4
<u>RECURSOS</u> .....	6
<u>CONCLUSIONES</u> .....	7

## **INTRODUCCIÓN**



**Nesta web quest imos investigar algúns aspectos relacionados coas Olimpíadas ou Xogos Olímpicos, xa que este ano imos disfrutar dunha novo edición dos mesmos e, neste curso imos realizar algunhas actividades relacionadas con eles, como o Entroido.**

**Deberedes buscar a información que se vos pide e crear un documento, ben en Open Office Writer, Impress ou outro formato que consideredes oportuno, incluíndo as respostas as preguntas prantexadas e imaxes que sexan relevantes para expor as vosas web quests.**

**Coma sempre, poderedes crear unha carpeta cos vosos nomes na carpeta “Mis documentos” dos ordenadores da aula de informática ou traer os vosos pendrives. Asimesmo poderedes pedir axuda aos mestres e mestras que estean na aula de informática durante os recreos.**

## **PROCESO**



**Este proxecto poderá ser levado a cabo tanto a nivel individual como por equipos, intentando non superar os 3 compoñentes. O traballo dentro do equipo se levará a cabo como cada grupo conveña, non habendo normas prefixadas para o mesmo, pero se esixirá que todos os membros traballen na elaboración da web quest en maior ou menor medida.**

**Os equipos deberán dar resposta as preguntas propostas, intentando que estas sexan o máis comprensibles posible e utilizando imaxes sempre que sexa necesario para ilustrar o que se pide.**

**Para buscar esta información deberedes utilizar as páxinas web que se vos indican no apartado de “Recursos”, aínda que poderedes buscar información en outras webs ou mesmo en libros.**


## TAREFAS



**Nesta web quest se vos pide que busquedes información sobre os xogos olímpicos e algúns aspectos relacionados cos mesmos. Unha vez buscada a información debedes crear un documento en Open Office Writer ou Impress ou outro que consideredes oportuno, lembrando que no colexio só tedes acceso a Open Office e non a Microsoft Office e que, se o facedes con este programa, é posible que co Open Office non se vexa igual.**


**Unha vez elaborados os documentos, crearase un apartado na Aula Virtual para que poidades entregar os vosos traballos.**

**Esta carpeta atópase en:**

**Proxectos  2015 -16  Olimpíadas**

## As preguntas que queremos que contestedes son as seguintes:

- 1) Que son os Xogos Olímpicos?
- 2) Como é a bandeira dos Xogos Olímpicos e que significan os seus aneis?
- 3) Cando comezaron a celebrarse os Xogos Olímpicos e onde?
- 4) Cada cantos anos celébranse os Xogos Olímpicos?
- 5) Que significa o lema "Citius!, Altius!, Fortius" e quen o propuxo?
- 6) Cantos tipos de xogos olímpicos existen na actualidade e cales son?
- 7) Cantas disciplinas ou deportes están incluídos nos Xogos Olímpicos de Verán?
- 8) Onde tiveron lugar os primeiros Xogos Olímpicos de Verán e de Inverno? E os derradeiros?
- 9) Que país ten máis medallas olímpicas? E cal menos?
- 10) En que ano foron as Olimpíadas de Barcelona e cal foi a súa mascota? Indica de que Olimpíadas son as outras mascotas que aparecen.



## RECURSOS



[Portal Xogos Olímpicos – Wikipedia](#)

[Imaxes da bandeira dos Xogos Olímpicos](#)

[Xogos Olímpicos – Wikipedia](#)

[Xogos Olímpicos de Verán – Wikipedia](#)

[Xogos Olímpicos de Inverno – Wikipedia](#)

[Aneis Olímpicos](#)

[Xogos Olímpicos na antigüidade](#)

## **CONCLUSIÓN**



**Con esta web quest pretendemos que coñezades un pouco mellor en que consisten os Xogos Olímpicos e algunhas características propias dos mesmos para, deste xeito, cando cheguen as seguintes Olimpíadas, xa teñades unha idea mellor de en que consisten e un pouco da súa historia.**

**Pero, ante todo, queremos que disfrutedes aprendendo e que o paseades ben buscando información sobre un tema que vos poida interesar como este que vos prantexamos.**

**Agardamos que disfrutedes co traballo e o paseades ben traballando en equipo ou individualmente. Os mestres e mestras da Aula de Informática estamos á vosa disposición cando o consideredes necesario.**